

PROXECTO DE INNOVACIÓN EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

REDES

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE FERROL



1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO:

a. Situación sociolingüística do centro.

O ENDL da EOI de Ferrol realizou unha enquisa sociolingüística en marzo de 2007. As conclusións máis salientables desta enquisa foron as seguintes:

- O castelán, comparando co galego, resulta, para a maioría das/os enquisados moito máis fácil, sobre todo na súa forma escrita.
- Por idades é o colectivo dos máis novos (21 a 30 anos) os que manifestan un maior dominio do galego escrito, como contrariamente ó que sinalan sobre o coñecemento falado ou lido.
- O colectivo entre 41 e 50 anos son os que tiveron unha educación co maior dominio do galego. Mentres que os máis mozos criáronse na súa maioría en castelán. A familia e a escola resultan ser as primeiras fontes de aprendizaxe do galego para o 68% dos enquisados.

Durante os cursos 2007/08 e 2008/09 a escola obtivo, por dous anos consecutivos, premios de Innovación Lingüística cos proxectos "O Fiadeiro" e "As Fiadas". Como resultado destes proxectos cabe sulñar un aumento substancial no uso do galego entre o alumnado e o profesorado do centro. A comunidade educativa, a través da súa páxina web, "Fiadeiro virtual", correos electrónicos internos e comunicacións en xeral ten completamente normalizado o uso do galego escrito.

Cabe destacar tamén que o galego aumentou como lingua de comunicación oral entre o profesorado, incluso en situacións informais.

Vendo a gran acollida que tiveron estes dous proxectos entre toda a comunidade educativa, é necesario seguir facilitando a normalización da lingua a través de espazos físicos e virtuais en contextos reais. A

creación destes espazos comúns de uso normalizado da nosa lingua é especialmente importante neste centro xa que, ao ser unha Escola de Idiomas, a lingua de comunicación na aula é a que se estuda (alemán, francés, galego, inglés, italiano e portugués). O galego só se usa como lingua vehicular de aula nas clases de galego polo tanto é necesario fomentar o uso do galego fóra da aula.

Temos intención de darlle continuidade ao proxecto "As Fiadas" onde se presentou unha lingua galega sen fronteiras, no que contactaron con nós universidades de países tan dispares coma Alemaña, Brasil, Chile, España (Salamanca), Francia e Reino Unido a través de videoconferencias.

Por outra banda, este curso a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol está a participar nun proxecto europeo con Escocia, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Republica Checa e Turquía. Isto ofrécenos a oportunidade de facelos partícipes da nosa cultura. O obxectivo do PLC deste curso é non só fomentar o uso do galego como lingua de comunicación na nosa comunidade educativa fóra da aula senon tamen facer coñecedores a estes países da nosa cultura e lingua a través das novas tecnoloxías, involucrando a toda a comunidade educativa da nosa escola, asociacións culturais, institucións da comarca e outras escolas oficiais de idiomas de Galicia.

A nosa comunidade educativa, entre alumnado, profesorado e persoal non docente, ascende a máis de 2000 persoas. Este proxecto pretende implicar á totalidade da comunidade educativa a lo menos nalgún momento da vida do proxecto ademáis de todos os colaboradores. Todo o profesorado (37 profesores/as) do centro estará directamente implicado no proxecto. A coordinadora do proxecto é unha profesora do departamento de italiano María Remedios Rodríguez Rodríguez.

2. OBXECTIVOS.

a. Obxectivos a curto prazo.

- Dar a coñecer a nosa cultura e lingua a institucións no estranxeiro para romper estereotipos.
- Promover o uso do galego a través das novas tecnoloxías
- Achegar ao alumnado textos (falados e escritos) na lingua meta relacionados coas culturas de Escocia, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Republica Checa e Turquía.
- Achegar á comunidade escolar unha nova perspectiva da proxección da cultura e lingua galega cara ao exterior.
- Difundir o proxecto a través do fiadeiro virtual na internet con aportacións escritas e audiovisuais.
- Crear unha radio galega na nosa páxina web
- Recuperar xogos tradicionais galegos

b. Obxectivos a longo prazo.

- Potenciar o galego oral como lingua habitual no noso centro.
- Romper barreiras e eliminar prexuízos acerca do perfil da persoa galegofalante.
- Establecer lazos con diversas entidades en Ferrol e en Europa
- Favorecer a relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e comunicación.
- Animar aos países participantes a continuar mantendo o contacto coa EOI unha vez rematado o proxecto.

3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

O proxecto "Redes" da eoi de Ferrol

Neste novo proxecto queremos darlle unha dimensión europea á difusión da nosa cultura e lingua e servir como continuidade dos proxectos anteriores "O Fiadeiro" e "As Fiadas".

Contidos e metodoloxía

Para poder involucrar directamente ao alumnado nas aulas, o profesorado implicado realizará unidades didácticas na lingua que imparta sobre os países participantes: Escocia, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Republica Checa e Turquía. Traballaránse ámbitos distintos da cultura, xeografía, situación, ... adaptadas ao nivel do alumnado co fin de contextualizar as "redes".

A persoa encargada da coordinación do PLC, e en colaboración co equipo de normalización e dinamización lingüística, destinará nos meses de outubro e novembro un espazo físico dentro da escola onde proporcionará toda a información relativa ao proxecto "Redes" e en colaboración coa xefatura de recursos do centro, difundirá a mesma información na páxina web da escola www.eoiferrol.org

A xefatura de recursos encargárase da parte técnica do proxecto, a vicedirección, da relación cos medios de comunicación, as institucións do contorno e a comunidade educativa non docente e o profesorado encargárase da implicación do alumnado.

As diferentes actividades incluídas no proxecto realizaránse alternando quendas de mañá e tarde/noite para facilitar a participación de toda a comunidade educativa.

Temas e temporalización

1º trimestre: rede tecnolóxica

Traballo de aula sobre os países participantes: Escocia, Italia, Polonia, Portugal, Republica Checa e Turquía. Traballaránse ámbitos distintos da cultura, xeografía, situación, ... adaptadas ao nivel do alumnado co fin de contextualizar as "redes". Este traballo terá como resultado a posta en marcha da radio galega da nosa páxina web en decembro. Alumnado, profesorado participante no proxecto e convidados falarán na nosa lingua sobre algún dos países europeos implicados. Estes faladoiros, que comezarán no mes de decembro e terán continuidade ao longo do curso, serán gravados utilizando *podcasts* para a súa posterior retransmisión.

Durante este trimestre tamén se realizará a actualización do espazo virtual asociado ao proxecto por parte da xefatura de recursos e do equipo de ENDL do centro.

2º trimestre: rede cultural

- En xaneiro haberá unha presentación didáctica en power point con actuación da asociación cultural "Os Berros de Castro". Dada a traxectoria e a implicación cultural da dita asociación, os participantes no proxecto terán a oportunidade de entrevistar aos seus membros. Esta entrevista será difundida a través da radio galega da nosa escola.
- En febreiro realizarase un taller de baile tradicional a cargo da Asociación Cultural Mario Escudero no que participará activamente sobre todo o alumnado e profesorado que viaxará a Italia en abril

onde poñerá en escea o aprendido no taller sobre o noso baile. Este taller será gravado para a súa posterior difusión no espazo virtual do proxecto.

- En marzo realizaráse un taller de xogos populares a cargo do escritor e profesor Antón Cortizas no que participará toda a comunidade educativa. Este taller servirá de formación e entreno para os participantes nas “olimpiadas interescolas” que terán lugar no terceiro trimestre. O grupo de alumnado e profesorado que viaxará a Italia fará nese país unha demostración práctica, contribuíndo deste xeito á difusión da nosa cultura.

Unha vez rematado o taller de xogos populares, os participantes no proxecto farán unha selección de xogos e establecerán as bases para as olimpiadas interescolas. Esta información será enviada a través do correo electrónico a todas as escolas de idiomas de Galicia.

3º trimestre: rede olímpica

- Ao longo dos meses de abril e maio terá lugar a “I Olimpiada Interescolas” de xogos populares galegos. Representantes das diferentes escolas oficiais de idiomas de Galicia acudirán ao noso centro para participar nos distintos xogos seleccionados previamente. Os xogos realizaránse mediante fases eliminatorias ata que quede un só equipo gañador. As gravacións en vídeo e as fotografías dixitais do evento serán difundidas a través do fiadeiro virtual na internet. As entrevistas asociadas á actividade serán transmitidas a través da radio galega da escola.
- En xuño celebraremos un acto lúdico festivo de proclamación do equipo gañador e de clausura do proxecto coa participación de todos/as os/as implicados/as no proxecto. O evento celebrarase coa colaboración do concello de Ferrol.

Proposta metodolóxica.

O profesorado implicado introducirá ao seu alumnado na situación e a cultura do país e cidade onde está situada a institución de contacto. Cada profesor/a ou departamento terá absoluta liberdade para elixir o método a escoller, tendo en conta o nivel da aula, o calendario escolar, as posibles festividades relevantes, etc. Entre as distintas actividades de aula suxerimos:

- *Webquests* no laboratorio de idiomas.
- Visitas virtuais ao país ou cidade na aula de audiovisuais.
- Lectura de textos (na lingua meta) dalgún autor ou autora do país.
- Procura práctica de información en folletos turísticos (estes poden solicitarse gratuitamente ás oficinas de turismo do país).
- Escoita / lectura de novas nos medios de comunicación locais a través de internet.
- Calquera outra actividade que supoña o uso de textos xenuínos e relacionados coa cultura do país e a vila da institución participante no proxecto europeo do centro.

O profesorado implicado no proxecto facilitaralle a/o coordinador/a unha copia da actividade realizada, ben sexa en soporte de papel ou óptico. Estas actividades de aula compilaranse a finais de curso non só para a memoria final, senón tamén para facer un banco de actividades das que se poda beneficiar a nosa comunidade escolar en vindeiros anos.

Por outra banda, as aportacións para a radio galega da escola terán forma de tertulias, entrevistas, exposicións, opinións e música entre outras. As emisións de audio faránse a través de podcasts en colaboración coa xefatura de recursos da escola.

O profesorado implicado no proxecto tomará parte activa nos talleres, nas olimpiadas e animará ao alumnado a participar neles.

4. UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.

- Cámara de vídeo para gravacións de actividades que se presentarán aos países participantes (Escocia, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Republica Checa e Turquía).
- Laboratorio de idiomas para as actividades de aula, edición de videos gravacións e emisións de audio para a radio.
- Portátiles e canóns nas distintas aulas para proxeccións
- Sala de informática para a procura e intercambio de información
- Salón de actos para a realización de actividades conxuntas da comunidade educativa.
- Lectores USB para almacenar as actividades de aula.
- Páxina web do centro: www.eoiferrol.org
- www.blogoteca.com/fiadeirovirtual/index

5. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN DO CONTORNO.

Colaborarán con nós:

- IES Leixa: O alumnado e profesorado dos departamentos de Artes gráficas e Deseño deste centro colaboran habitualmente coa nosa escola no deseño e maquetación de material gráfico (revista escolar "Diálogo", carteis, posters, programas, fiadeiro do curso 2007/08, Fiadas do curso 2008/09...). Neste proxecto encargáranse do deseño de cartazos anunciadores do proxecto "Redes" así coma do programa anual coas datas, hora, lugares e temas das actividades

- Equipas de Normalización Lingüística da zona
- Concello de Ferrol, a través de Beatriz Bascoy, técnica de Normalización Lingüística.

- Asociación cultural "Berros do Castro": presentación didáctica da música tradicional galega

- Escola de Baile Mario Escudero, Donas e Galáns, que colaborarán no proxecto coa realización dun taller de baile tradicional para a súa posterior difusión en Escocia, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Republica Checa e Turquía

- O escritor e profesor Antón Cortizas colaborará no proxecto coa realización dun taller sobre xogos populares para a súa posterior posta en práctica nas olimpiadas interescolas e difusión en Escocia, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Republica Checa e Turquía.

- Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia: participarán nas olimpiadas interescolas de xogos populares galegos.

6. PLAN DE AVALIACIÓN.

Avaliaremos o PLC a través de tres canles:

- Da participación nas diferentes actividades analizando o número de asistentes, e do nivel de colaboración coas institucións, asociacións do contorno.

- Do número de visitas realizadas ao espazo virtual do proxecto e do número de escoitas da radio galega da nosa páxina web.

- Dunha breve enquisa que se lle fará ao profesorado implicado ao final do proxecto. Terá forma de cuestionario e será de interpretación sinxela para facilitar a recollida de datos.

7. MEDIDAS PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO ENTRE TODA A COMUNIDADE ESCOLAR

- No primeiro claustro do curso 2009/010, que se celebrou en setembro de 2009, a coordinadora do proxecto de innovación informou a todo o claustro máis detalladamente do proxecto e animou ao profesorado de nova incorporación a tomar parte activa na iniciativa.
- Todas as aulas terán a inicio de curso no seu taboleiro información por escrito sobre o proxecto.
- O alumnado será informado polo profesorado oralmente na aula.
- Haberá cartazos que anuncien o proxecto "redes" en lugares visibles da escola así como no taboleiro asignado ao Equipo de Normalización Lingüística.
- Haberá programas coas datas e lugares das actividades do proxecto a disposición de toda a comunidade educativa.
- Enviarase o programa por correo electrónico aos ENDL dos centros da zona para convidalos a participar e a todas as institucións e persoas que colaboran co proxecto.
- Haberá información actualizada do proxecto tanto na páxina web do centro coma no fiadeiro virtual asociado ao ENDL do centro.
- Puntualmente, antes de cada actividade, enviarase información detallada aos medios de comunicación para a súa difusión na comarca.

9. CONCLUSIÓN

Co novo PLC a Escola Oficial de Idiomas de Ferrol quere darlle un pulo non só ao uso do galego oral na nosa comunidade escolar senon tamén á difusión da cultura galega máis alá das nosas fronteiras a través das novas tecnoloxías. Farémolo afondando nunha dimensión cosmopolita para desbotar prexuízos, establecendo "redes" culturais no estranxeiro e arredor nosa. Nese sentido dámoslle continuidade aos proxectos *O Fiadeiro* e *As Fiadas*. Unha vez máis traballaremos para que o galego non sexa unha lingua de uso litúrxico na nosa escola, senón o que realmente é: unha lingua viva.

Ferrol, 9 de outubro de 2009